

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP RAMÓN DE VALENZUELA
CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º
MATERIA: RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA
DEPARTAMENTO:
DATA: 11 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1º CURSO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao home.	1.1. Coñece, respecta e cuida a obra creada.
2. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.	2.1 Identifica e enumera os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus.
1. Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.	1.1 Coñece e valora que Deus fala a Abraham e Moisés para ser o seu amigo.
2. Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos.	2.1 Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.

2º CURSO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Identificar na propia vida o desexo de ser feliz. 2. Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesmo a felicidade.	1.1 Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a el e ás persoas da súa contorna.
1. Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.	1.1 Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.
2. Aprender o significado do tempo de Advento.	2.2 Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.
3. Identificar o significado profundo do Nadal.	3.1 Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.

3º CURSO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorna son un don de Deus para a súa felicidade.	1.1 Recorda e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou a contorna son un agasallo.
2. Tomar conciencia de que as accións persoais achegan ou separan de Deus.	1.2 Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.
3. Comprender que a elección que fan Adán e Eva é un rexeitamento ao don de Deus.	2.1 Distingue e enumera accións persoais que lle fan feliz ou infeliz.
3. Recoñecer e valorar os signos da amizade de Deus co seu pobo.	3.2 Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.
1. Identificar e valorar as accións da Igrexa que continúan a misión de Xesús.	1.1 Busca testemuños da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.

4º CURSO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.	1.2 Cualifica o tipo de pecado en situacións da súa contorna e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.
2. Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	2.1 Recorda e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.
1. Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	1.1 Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais.
2. Coñecer as características do perdón de Deus.	1.2 Recorda e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.
1. Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	1.1 Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.
3. Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.	3.1 Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.

4. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está cumprindo a vontade do Pai.	4.1 Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.
---	---

5º CURSO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Recoñecer e estimar que Deus creou a persoa humana con desexo de ben.	1.1 Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben. Comparte cos seus compañeiros os trazos máis significativos.
2. Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade.	2.1 Xustifica criticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.
2. Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo.	2.2. Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.
1. Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xenera o encontro con Xesús.	1.1 Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.
2. Coñecer e Interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus.	3.1 Extrapola as afirmación das testemuñas recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos onde se recoñece que a resurrección é acción de Deus.
3. Comprender que Deus rescata a Xesús da morte.	3.3 Busca e explica signos e xestos da Comunidade cristiá onde se manifesta a presenza de Xesús hoxe.
1. Coñecer e respectar a composición da Igrexa.	1.1 Identifica e describe os trazos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.

6º CURSO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude.	1.1 Identifica e xulga situación nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.
3. Interpretar signos, en distintas culturas, que evidencian que a plenitude humana alcánzase na relación con Deus.. 4. Recoñecer que a relación con Deus fai á persoa máis humana.	4.1 Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambio para potencia os dereitos humanos, á convivencia, ó progreso e á paz.
2. Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.	2.1 Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ó Pai con situacións que viven os seres humanos.
2. Identificar os trazos do tempo litúrxico da Pascua.	2.1 Extrapola e explica os principais signos pascuais.
3. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado.	2.2 Crea unha composición onde se exprese a ledicia e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado.
3. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado	3.1 Selecciona testemuños de cristiáns e Xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Ante a situación atípica producida polo COVID-19, tivemos que mudar a forma de traballo e de avaliación, pero terase en conta sempre que vai ser continua, formativa e global.</p> <p>Para iso vanse valorar en positivo tanto os achegamentos de tarefas por parte dos alumnos como a súa motivación, implicación e intercambio das mesmas.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Fichas individuais, cuxa finalidade é o repaso e reforzo.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Para o cálculo da cualificación final terase en conta a cualificación obtida no terceiro trimestre, que se baseará nas aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso así como sobre as actividades recuperación, de repaso e reforzo realizadas no terceiro trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Realízanse actividades de repaso e reforzo .</p> <ul style="list-style-type: none"> o Que poidan ser realizadas pola xeneralidade do alumnado, que sexan o máis universais posible, tendo en conta que na nosa comunidade educativa pode haber grandes diferenzas entre familias en canto a recursos tecnolóxicos ou humanos . o Evitando na medida do posible usar enlaces web pois entendemos que na nosa comunidade educativa pode haber diferenzas na accesibilidade á rede. o Evitando o uso de libros de texto pois debido á urxencia da medida de suspensión tomada a última hora da mañá do día 12, o alumnado non levou “todo” o material para ás casas. o Evitando que as familias teñan que imprimir xa que entendo que non todas as familias dispoñen de impresora. (as fichas poden ser substituídas por unhas feitas por eles, coa mesma mensaxe) o A cantidade de actividades que deseñadas sexan proporcional ao número de horas lectivas da materia. <p>- Temporalización:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Propóñense actividades semanais
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Busca de solucións e alternativas ante dificultades que poidan xurdir referidas á conectividade. • Seguimento do alumnado a través do seu traballo e da comunicación co titor.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Medios telemáticos empregados:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Páxina web do Centro o Correo electrónico. o Ordenador o Tablet

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Este documento será colgado na páxina web do Centro. Xérase un aviso xenérico para todas as familias, que reciben nos seus móbiles, a través da aplicación tok app No caso de non ser posible a comunicación con algunha das familias mandarase wasap.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.